



Con data de 25/11/1997, as Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) asinan un convenio de colaboración para que “os alumnos que esgoten nunha materia tódalas convocatorias, consonte ás normas de cada universidade ou que estando a realizar estudos de planos non renovados non poidan concluílos consonte ditos planos por non ter superadas materias extintas e ter rematados os períodos transitorios para render exame, podan ser admitidos para render exame noutra Universidade do SUG que imparta a materia na que non pode examinarse na universidade de orixe”.

Con data de 26/02/1998, a Xunta de Goberno da UDC acorda con respecto ás titulacións únicas no SUG que “os alumnos de titulacións desta Universidade, únicas no SUG, aos que só lles falten 3 asignaturas (excluíndo o PFC) para finalizar a carreira e teñan esgotadas nalgunha delas todas as convocatorias, poderán ser autorizados a matricularse e render exame por unha soa vez na devandita materia”.

Con data do 26/11/1998, a Xunta de Goberno da UDC acorda “que os alumnos aos que só lles falten tres asignaturas (excluíndo o PFC) para finalizar a carreira e que tendo pendente algunha materia dun curso extinguido non poidan fazer uso do convenio entre as tres Universidades do SUG poderán ser autorizados a render exame por unha soa vez na devandita materia”.

Con data 27/07/2004, as Universidades do SUG asinan un novo convenio de colaboración no que acordan “que o alumnado das tres Universidades do SUG poderá solicitar ser admitido para render exame noutra Universidade do SUG que imparta a materia na que non poida examinarse na universidade de orixe, sempre que se trate de materias de planos de estudos elaborados de acordo ás mesmas directrices xerais e que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:

a) Que o alumno non poida concluír os seus estudos por ter esgotadas todas as convocatorias de exame previstas regulamentariamente na universidade de orixe.

b) Que o alumno non poida concluír os seus estudos por non ter dereito a exame por tratarse dun plano de estudos en proceso de extinción e sempre e cando non se teña producido a extinción total do plano de estudos.”

Con data do 24/11/2004, asínase unha addenda ao convenio asinado o 27/07/2004 na que se precisa o alcance do seu apartado b) no entendemento de que “o número



*máximo de materias ou créditos por curso académico dos que pode render exame noutra Universidade do SUG é:*

*-Un máximo de tres materias en planos non renovados.*

*-Un máximo de trinta créditos, ou cinco materias que non superen os trinta créditos, nos planos estructurados por créditos.*

*En ambos casos o número de créditos ou materias que lles falten para rematar a carreira non superará o 25% do total da titulación”.*

Consonte co exposto e tendo en conta a situación que está a producirse coa extinción dos planos de estudo das titulacións correspondentes á anterior ordenación académica, que están a ser substituídos pola progresiva implantación dos novos planos de estudo adaptados ao EEES e coa intención de favorecer que os alumnos da UDC poidan finalizar os seus estudos conforme á ordenación académica pola que os comezaron,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Os alumnos con materias pendentes, correspondentes a cursos extinguídos que non poidan facer uso do convenio asinado o 27/07/2004 entre as Universidades do SUG, poderán render exame por unha soa vez desas materias nesta Universidade, seguindo así o espírito do acordo para titulacións únicas do 26/02/1998, da Xunta de Goberno; pero sempre e cando cumpran os requisitos establecidos na addenda ao convenio mencionado, asinada o 24/11/2004:

*“O número máximo de materias ou créditos por curso académico dos que pode render exame noutra Universidade do SUG é:*

*-Un máximo de tres materias en planos non renovados.*

*-Un máximo de trinta créditos, ou cinco materias que non superen os trinta créditos, nos planos estructurados por créditos.*

*En ambos casos o número de créditos ou materias que lles falten para rematar a carreira non superará o 25% do total da titulación.”*


*En todos os casos queda excluído dos cómputos citados o PFC, no seu caso.”*



**Segundo.-** Aos alumnos con materias pendentes, correspondentes a cursos extinguídos das titulacións da UDC que son únicas no SUG, poderánse aplicar os mesmos requisitos mencionados no punto primeiro desta resolución, sempre que lles resultasen más favorables para finalizar os seus estudos que os esixidos no acordo da Xunta de Goberno do 26/02/1998, manténdose, en caso contrario, aqueles requisitos que recolle o acordo citado.

**Terceiro.-** Queda sen efecto o contido dos apartados 5 e 6 do artigo 9 da resolución reitoral do 29 de xuño de 2012, mediante a que se aproba a Normativa de Xestión Académica da UDC para o curso académico 2012-2013.

A Coruña, 27 de setembro de 2012

  
Xosé Luis Armesto Barbeito

Reitor da Universidade da Coruña